

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de 5 de novembro de 2021 confirma a Resolución da CGC 3/2020 *Arriva Noroeste SL* (en la actualidade *Arriva Galicia S.L.*) e a sanción nela imposta.

A Sección 003 da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a Resolución 3/2020, do 8 de xullo, *Arriva Noroeste SL* (na actualidade *Arriva Galicia S.L.*) aprobada pola Comisión Galega da Competencia (CGC) ao desestimar o recurso contencioso presentado por *Arriva Galicia S.L.* contra a mesma.

Dita Resolución declarou acreditada a existencia dunha infracción do artigo 3 da Lei de Defensa da Competencia consistente no falseamento da libre competencia por actos desleais consistente na achega de información que non era certa tanto na licitación pública convocada para a xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeneral por estrada denominado XG-533 “A Mariña, Viveiro, Ribadeo, con anexos”, así como, unha vez resolto o concurso, no momento do cumprimento por parte da empresa que resultou adxudicataria. Nesta Resolución foi imposta unha sanción de 192.030 euros a *Arriva Galicia S.L.* que foi confirmada pola sentenza.